

Veciñanza insta ao PP a que aclare cal é o trazado que propón para a nova circunvalación que prometeu a Conselleira de Infraestruturas

O PP non aclara a que se refería Ethel Vázquez cando falaba de impulsar unha circunvalación. A posibilidade dunha variante cun trazado alternativo ao do centro da vila foi xa maioritariamente rexeitado polos veciños e veciñas de Cuntis no seu momento. Veciñanza opónse a calquera proposta que poida perxudicar o comercio local.

Cuntis. 7 de maio de 2019

O día 3 de abril o Partido Popular presentaba en Cuntis o seu candidato á Alcaldía. Logo de catro anos de notoria ausencia, desembarcaban na nosa vila algúns/has dos altos cargos máis relevantes do PP tanto no eido provincial como no nacional. O que aquel día conseguiu o Partido Popular foi, sobre todo, **sementar a inquedaanza entre os veciños e as veciñas de Cuntis**. Mediante un chío na rede social Twitter, a Conselleira de Infraestruturas Ethel Vázquez falaba de impulsar unha circunvalación na nosa vila.



Inmediatamente volveron á actualidade as pantasma do pasado, que consistían na **ameaza da construción dunha variante de circunvalación que evitaría que o tráfico da N640 pasara polo centro da vila**, e que no seu momento fora xa rexeitada por colectivos veciñais mediante a **presentación de máis de 400 alegacións**. De executarse este proxecto, ademais do impacto ambiental que tería o novo trazado, suporía na práctica o baleirado do

treito urbano da N640 ao seu paso polo centro da vila, o que sería un golpe letal para o pequeno comercio local de Cuntis.



nota de prensa

Ante este panorama, e a falta de transparencia que está a amosar o Partido Popular nun tema de tanta importancia para o futuro de Cuntis, **Veciñanza entende que no comezo da campaña electoral debe aclarar cal é o trazado que o candidato do PP propón para esa suposta nova circunvalación de Cuntis, se conta co consenso e aprobación dos veciños/as e a que aldeas afectaría esa variante da que falaba a Conselleira de Infraestruturas.**

Por unha cuestión elemental de transparencia, os veciños e as veciñas de Cuntis deben saber cales son as apostas e as propostas das catro forzas políticas que concorreremos ás eleccións municipais de maio. Veciñanza rexeita calquera nova infraestrutura que agrave aínda máis as dificultades do centro da vila e do comercio local en concreto. Ningún dos problemas importantes que ten Cuntis se resolverían provocando que o tránsito da N640 deixase de transcorrer por onde o fai agora.